



SUBSCRICIÓN DE PRÉSTAMO CIVIL ELECCIONES MUNICIPAIS 26 DE MAIO DO 2019

CONTRATO CIVIL DE SUBSCRICIÓN DE MICROCRÉDITOS DE COMPOSTELA ABERTA

CONDICIÓN XERAIS

1. O Partido Político COMPOSTELA ABERTA, con CIF G70444989, con domicilio en Santiago de Compostela, rúa Xosé Chao Rego, 22, 15220 Santiago de Compostela – A CORUÑA, ofrece para a súa subscrición un Préstamo Civil de acordo ás seguintes Condicións Xerais.
2. O préstamo poderá outorgarse por un mínimo de 100 € podendo subscribir importes superiores sempre en múltiplos de 50 €. A cantidade máxima a subscribir nominalmente por calquera persoa física non poderá superar a cantidade de 3.000 € no total das súas subscricións.
3. A cantidade total que se ofrecerá a subscrición por todos os inscritos, simpatizantes e persoas en xeral será dun máximo de 7.500 € que se aplicarán exclusivamente para sufragar os gastos electorais nas devanditas eleccións en función dos resultados esperados. Calquera persoa ten dereito a participar en tantas subscricións como desexe ata o máximo de 3.000 € por persoa, sempre que a cantidade total indicada non estea cuberta e mentres permaneza aberto o período de subscrición.
4. O período de subscrición terminará no momento no que se acade a cantidade total a subscribir. En ningún caso se poderá superar a devandita cantidade total nas operacións de subscrición. A non consecución da cantidade total non anulará o proceso nin afectará de ningún xeito o resto dos subscritores.
5. As cantidades subscritas non serán reembolsables de forma anticipada ata a finalización do contrato e dentro dos prazos de devolución establecidos nestas condicións xerais.
6. Non haberá peticións previas de subscrición senón que a vontade de subscribir o préstamo manifestarase unicamente no momento de realizar a operación. A subscrición será nominal e non negociable, prohibíndose expresamente a subscrición a persoas xurídicas así como a venda ou negociación dos dereitos da devandita subscrición e atendéndose unicamente o pago da devolución á persoa física subscritora.
7. A subscrición non outorga ningún dereito político nin propiedade de ningún tipo máis aló dos inherentes dereitos de cobro dun préstamo civil.

8. O préstamo non devengará intereses. Compostela Aberta efectuará a devolución das cantidades recibidas nos seguintes prazos: O total do préstamo será devolto ao subscritor despois das eleccións, no momento en que Compostela Aberta cobre a subvención electoral establecida legalmente para os partidos políticos que obtivesen representación no Concello de Santiago de Compostela; no caso de que a subvención sexa insuficiente para o capital total subscrito, o prazo máximo de devolución da parte non cuberta pola devandita subvención será de 12 meses.

9. O reembolso do total do crédito de acordo a estas condicións xerais suporá a finalización do contrato.

10. No caso de que por forza maior, causa legal ou política, suspensión electoral ou que por calquera outra causa Compostela Aberta non concorrera electoralmente a estas eleccións, considerarase resolto o contrato e Compostela Aberta devolverá o importe das subscricións aos participantes en canto esta situación fose definitiva.

11. A subscrición terase por efectuada exclusivamente na data contable en que se obteña o importe da mesma a través da transferencia executada polo subscritor ou o cargo correspondente por parte de Compostela Aberta. As cantidades recibidas serán depositadas na conta electoral de COMPOSTELA ABERTA CAIXA RURAL IBAN: ES28 3070 0035 2962 3209 7425 para o proceso electoral, nos termos deste contrato.

12. Os datos persoais do subscritor serán incorporados ao ficheiro de datos do que é responsable Compostela Aberta, G70444989, que os utilizará para a administración do contrato e a xestión das obrigacións contractuais, contables e tributarias, cumprindo en todo momento as medidas de seguridade que establece a Lei Orgánica de Protección de Datos. Compostela Aberta non cederá os datos a terceiras persoas nin organismos públicos sen o seu consentimento, excepto cando a lei estableza a obriga de ceder estes datos ás autoridades. O subscritor autoriza a cesión dos seus datos persoais á entidade financeira encargada do depósito das cantidades entregadas. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais os subscritores poderán dirixirse por correo electrónico á dirección finanzas@compostelaaberta.org achegando copia do seu DNI ou documento legal de identificación.

13. Para calquera cuestión interpretativa ou litixiosa que se poida expor estableceranse canles de solución amigable que non implicarán a perda de ningún dereito de reclamación xurisdiccional, para a cal serán competentes os Xulgados e Tribunais determinados en aplicación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil.

SUBSCRICIÓN DE PRÉSTAMO CIVIL ELECCIÓN MUNICIPALIS 26 MAIO 2019